



www.diariomorrazo.es
C/ San Xosé, 10 - 36101 - Pontevedra - Galicia
Tel: 986 29 02 00 Fax: 986 29 02 01 Email: morrazo@diariomorrazo.es
Coordinación: Xosé Aguilá

EDITA: LEVANT EDITORIAL S.L. Depósito Legal: PO-31-1989

Lectura e diversión en homenaxe a Rosalía

► O Concello de Marín e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega únense na celebración do aniversario da poeta maior de Galicia organizando actividades para colexios e institutos coa finalidade de estender o poder da súa palabra entre a xente nova

MARÍA J. RODRÍGUEZ

mariajrodriguez@morrazo.es

MARÍN. No Calendario do Libro e da Lectura, o 24 de febreiro está focalado como o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

Por isto, as concelleiras de Cultura e Educación do Concello de Marín e a AELG uníronse para conmemorar o día da poeta galega.

Por unha banda, convidan á cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor. Pero, por outra, céntranse nos máis pequenos, convidando aos centros de ensino do municipio a levar a cabo accións colectivas de difusión da obra de Rosalía de Castro.

Para os maiores, de Secundaria e Bacharelato, propoñen un envío masivo dun verso do poema 79 de Cantares Gallegos desde dispositivos móbiles, tanto dos profesores do centro como de alumnos, baixo a etiqueta "RosaliaGalicia". Este texto enviaráse desde calquera tipo de rede social acompañado dunha imaxe da poeta. Os alumnos poden realizar a actividade nos teléfonos durante as clases con autorización dos profesores e durante o período de recreo.

Por outra parte, o alumnado de Educación Infantil e Primaria elaborará postais con deseño alusivo ao Día de Rosalía xunto a un verso ou estrofa que estimule a creatividade dos nenos e as nenas ao facer debuxos arredor da figura de Rosalía. Estas postais serán enviadas ás familias dos nenos o día 24 de febreiro como agasallo "rosaliano".

No CEIP de Ardán, os alumnos xa comezaron as actividades relacionadas con Rosalía de Castro cunha introdución á súa biografía, e a súa obra e a elaboración das postais. Nalgúns casos debuxan un paxariño relacionado coa estrofa de Cantares Gallegos e outros, decoran á autor.

